

VIDAS PASADAS

Celine Song, 2023

1191

ESTREA EN NUMAX: 01.11.2023 | V.O.S.E. | 106 min

Nora e Hae Sung, dous amigos da infancia
fondamente unidos, teñen que separarse cando a
familia de Nora emigra de Corea do Sur a Canadá.
Vinte anos despois, reúnen-se durante unha fatídica
semana para facerlle fronte ao amor e ao destino.

«É moi difícil facer un filme que
poida describirse como grande e
pequeno á vez»

Richard Lawson, VANITY FAIR



Os amores perdidos da infancia

Por Ángel Quintana

Dous nenos de doce anos gústanse. Xuntos xogan nun parque ante a mirada dos seus pais, pero entre eles hai algo tenro. Celine Song remite á idea do nacemento do amor para amosar como un pequeno Werther persegue doce anos despois a súa Lotte da mocidade por Skype, despois de que a familia da rapaza fora vivir a Estados Unidos e esta iniciara a súa carreira como escritora. Despois dun intercambio de Skype, a parella volve encontrarse ao cabo de doce anos cando as circunstancias da vida abriron outros camiños. Celine Song roda o que poderíamos definir como un filme bonito. No seu interior hai poucas cousas, incluso hai demasiados momentos de cinema postal, pero *Vidas pasadas* susténtase sobre todo arredor de dúas largas escenas nas que os personaxes falan e mentres o fan evocan as feridas do paso do tempo, a forza do destino e a posibilidade de que todo amor de xuventude non sexa máis que o recoñecemento dunha vida pasada. Na primeira escena, Nora cóntalle ao seu marido a historia do seu amor de xuventude e este admite con perplexidade que é unha posible gran historia. Na segunda escena, os mozos amantes e o marido comparten unhas copas nun bar. A parella comeza a falar en coreano do que perderon mentres o marido taciturno asiste a unha situación que non forma parte das súas vidas. Despois do seu paso polo Festival de Berlín, *Vidas pasadas* comezou un camiño por múltiples festivais que a sitúan como a película romántica do ano, como ese filme que todo o mundo quere ver para lembrar os amores perdidos da infancia.

Publicado en caimanediciones.es
Traducido do español.

Anhelo de futuro

Por Manohla Dargis

Vidas pasadas é unha melancólica historia sobre dúas persoas, os nenos que foron e os adultos nos que se converteron. O filme séguese a través dos anos e de diversos reencontros, separacións e continentes, así como de fitos transcendentais e cotiáns. É un relato sobre a amizade, o amor, o arrepentimento e o que realmente significa vivir aquí e agora. Dalgún xeito, é un filme de viaxes no tempo porque incluso aínda que os dous personaxes seguen avanzando, permanecen inexorablemente atados ao pasado, o que quere dicir que forma parte tamén da súa vida cotiá.

Vidas pasadas céntrase en Nora e un home chamado Hae Sung, aínda que sobre todo trata sobre ela. Coñécense sendo compañeiros de clase na súa cidade natal, Seúl. Son entrañables -son nenos- e están moi unidos. (...) Ao pouco de comezar o filme, os nenos camiñan cara a casa pegados, ombreiro con ombreiro, ela coa mirada perdida. El obtivo mellores notas na escola e iso, nun presaxio da súa ambición posterior, desgustouna. Hae Sung tranquilízase porque é boa xente; ha converterse nun bo home, pero para entón ela xa non estará.

(...) A modestia do filme é unha das súas fortalezas. Os personaxes viven en casas agradables, pero correntes. (...) Pode que te fixes no poster do clásico *Céline e Julie van en barco* (Jacques Rivette, 1974) na oficina do pai de Nora na casa de Seúl. Sen darlle demasiada importancia a esa referencia cinéfila, hai unha liña de Rivette que parece pertinente: “o teu futuro está detrás de ti”, dille un personaxe ao outro, que valería como slogan deste filme.

Publicado en nytimes.com
Traducido do inglés.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Los nombres propios,
Marta Jiménez Serrano.
Sexto Piso, 2021

As mágoas do mozo Werther,
Johann Wolfgang von
Goethe.
Galaxia, 2015

*Céline et Julie vont en
bateau*,
Jacques Rivette.
Potemkine [DVD]